

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2024.

De acordo co artigo 54 referido á Prórroga dos Orzamentos Xerais do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, se a Lei de Orzamentos Xerais non fose aprobada polo Parlamento de Galicia antes do primeiro día do exercicio económico no que teña que aplicarse, consideraranse automaticamente prorrogados os do exercicio inmediato anterior. A Consellería de Economía e Facenda poderá elaborar, no seu caso, os correspondentes estados de gastos nos que se detallarán os importes dos créditos prorrogados. No caso da Universidade da Coruña se establece o procedemento a través dunha Resolución Reitoral e a súa aprobación por parte dos órganos de goberno da Universidade como o Consello de Goberno e o Consello Social.

Unha regulación similar contense na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, da cal interesa destacar neste momento dúas previsións contidas no artigo 38, parágrafos 2º e 3º, de alcance xeral:

- A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a programas ou actuacións que rematen no exercicio cuxos orzamentos se prorrogan ou para obrigacións que se extingan no mesmo.
- A estrutura orgánica do orzamento prorrogado adaptárase á organización administrativa en vigor no exercicio no que se deba executar o orzamento.

Ademais, de cara ao exercicio 2024 a UDC vaise integrar no sistema contable da Xunta de Galicia, denominado **XUMCO**. Esta integración informática e contable en XUMCO obedece á consecución dos fondos establecidos no Subfondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026 que establece:

“O dito Subfondo dótese por un importe dun 5% da suma dos importes totais do Subfondo Custe Estándar e do Subfondo de Gasto funcionamento, e se reparte en base ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico investigador e docente como no eido financeiro que se concretan nos seguintes criterios de asignación:

- 1- Optimización da oferta docente.
- 2- Reforzo institucional centros investigación con recoñecemento da Xunta de Galicia.
- 3- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados polas leis de estabilidade orzamentaria (equilibrio orzamentario non financeiro).
- 4- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano.
- 5- Elaboración da contabilidade analítica.
- 6- Publicación da contabilidade analítica.

7- Integración no sistema informático e financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia”.

O marco normativo citado permite á UDC prorrogar os orzamentos de 2023 en tanto non sexan aprobados os do exercicio 2024 e, ao mesmo tempo, obriga a que o dito orzamento se adapte á estrutura orgánica actual da UDC, a suprimir aqueles créditos que tiveron unha vixencia limitada

Código Seguro De Verificación	uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/12/2023 12:26:45	
Observacións		Páxina	1/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



ao exercicio 2023, así como no caso excepcional que nos ocupa, adaptar dita estrutura á integración contable en XUMCO da Xunta de Galicia ou a modificación das partidas orzamentarias da que exista evidencia obxectiva da variación da mesma (ex. incrementos retributivos para o ano 2024 e a aprobación correspondente da masa salarial aprobada para o vindeiro ano 2024 ou tódolos proxectos ou convenios con nova anualidade para 2024, entre outros).

Por todo o exposto, o reitor da UDC

RESOLVE:

Primeiro.— Ámbito de aplicación.

Considerando o disposto anteriormente, dende o 1 de xaneiro de 2024, e ata a aprobación e entrada en vigor dos Orzamentos da UDC para 2024, prorrogáanse os Orzamentos da UDC do exercicio 2023, aprobados polo Consello Social, na súa reunión do día 20 de decembro de 2022.

Segundo.— Alcance da prórroga.

A prórroga do orzamento alcanza a todo o orzamento do exercicio 2023 a excepción dos cambios establecidos nesta resolución.

Terceiro.— Créditos prorrogados.

1. Prorrogáanse os créditos iniciais aprobados para o orzamento do exercicio 2023 adaptados a nova estrutura orzamentaria da UDC para 2024, salvo aqueles destinados a servizos ou programas cuxa vixencia temporal estivese limitada ao exercicio orzamentario anterior.
2. Prorrogáanse os créditos do capítulo 1 adaptados á nova masa salarial aprobada pola Xunta de Galicia para o exercicio 2024 debido aos incrementos retributivos e a posta en marcha da Lei Orgánica de Universidades (LOSU) que modifica a carga docente e polo tanto o número de efectivos e o seu devandito custo.
3. Prorrogáanse os créditos dos capítulos 2 e 4 minorados ou incrementados nas aplicacións que corresponda nas cantidades equivalentes a aqueles ingresos específicos e finalistas que figuraban como estimacións no orzamento inicial de 2023.
4. Prorrogáanse os créditos de capítulos 6 e 7 con excepción dos finalistas que estarase a o indicado para a anualidade 2024. No caso do capítulo 6 relativo aos proxectos de investigación, dótese unha cantidade estimativa igual á esperada no apartado de ingresos finalistas de cara a poder traballar coa nova estrutura imposta pola integración en XUMCO que tamén permitirá a eliminación da tramitación de adiantos na apertura dos proxectos de investigación e convenios.
5. No caso de existir créditos de capítulo 8, poderanse prorrogar os mesmos tendo en conta os acordos vixentes a 31 de decembro de 2023.
6. Prorrogáanse os créditos dos capítulos 3 e 9 que dan cobertura a vencementos e obrigas previstos durante 2024.

Código Seguro De Verificación	uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/12/2023 12:26:45
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



7. Para mellorar a deducibilidade do IVE nas aplicacións que se rexen pola regra da prorrata do IVE, actualízanse as clasificacións funcionais das aplicacións orzamentarias que soportan gastos comúns as dúas actividades económicas diferenciadas da universidade, a docencia e a investigación, de xeito que se muda naqueles casos afectados da clasificación funcional 422D á clasificación funcional 121A.

8. Debido a licitación das infraestruturas precisas para executar as subvencións correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 do RD 477/2021, vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (código do procedemento IN422K), é preciso actualizar o crédito de 323.500,00€ da aplicación orzamentaria que soportará o gasto executable no exercicio 2024 dende a aplicación 02.00.422D.622.00 á aplicación orzamentaria 02.0A.121A.623.04.

Cuarto.— Financiamento dos créditos prorrogados.

1. Manteranse en todo momento os principios de suficiencia financeira e equilibrio orzamentario.
2. Prorróganse as previsións iniciais do estado de ingresos, con excepción de aqueles ingresos de carácter finalista o cuxa previsión sexa inferior á prevista nas estimacións iniciais do orzamento para 2023.
3. No relativo as axudas finalistas de investigación, establécese unha estimación sobre os ingresos previsibles para a anualidade 2024 que terá a correspondencia da dotación dos créditos no orzamento de gastos o que permitirá e facilitará a apertura de proxectos de investigación para cumprir coa integración contable en XUMCO.
4. No relativo aos ingresos procedentes da Xunta de Galicia en relación ao plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego para o período 2022-2026 actualízanse os importes de acordo coa información remitida pola Xunta de Galicia e a súa aprobación na comisión de seguimento celebrada neste ano 2023.

Quinto.— Incremento previsto das retribucións de persoal.

Sen prexuízo do establecido no apartado 3 desta Resolución, as retribucións do persoal ao servizo da UDC experimentarán o incremento previsto na normativa básica estatal para todas as administracións públicas.

Sexto.— Contabilidade orzamentaria.

1. A apertura da contabilidade orzamentaria do orzamento prorrogado efectuarase de acordo ao detalle de ingresos e gastos que, conforme ás instrucións desta Resolución, efectúe a Xerencia.
2. Aprobados, no seu caso, os Orzamentos da UDC para 2024, a xerencia elaborará unha relación de equivalencias entre os conceptos orzamentarios do orzamento aprobado e do orzamento prorrogado a fin de imputar a este último as operacións contables realizadas durante o período que transcorra dende el 1 de xaneiro de 2024 ata a entrada en vigor do novo orzamento.

Código Seguro De Verificación	uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/12/2023 12:26:45	
Observacións		Páxina	3/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Sétimo.— Instrucións de desenvolvemento.

Autorízase a xerencia para ditar, as instrucións de carácter económico-administrativo que sexan necesarias para a aplicación da prórroga do Orzamento 2023 da UDC salvagardando en todo caso:

- a) A xestión dos dereitos de ingreso.
- b) O cumprimento dos compromisos de gasto.
- c) A adaptación da estrutura orgánica do orzamento ás modificacións normativas do mesmo en vigor.

Oitavo.— Bases de execución

Debido á integración contable en XUMCO que obriga a modificar as vinculacións dos créditos, a actualización das sinaturas e a organización na xestión dos créditos e para mellorar a axilidade na xestión económica que será preciso durante o exercicio 2024 actualízanse as bases de execución para o orzamento 2024 de acordo co **Anexo III**.

Noveno.— Información e entrada en vigor.

Esta Resolución entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2024.

ANEXO I.- ORZAMENTO DE INGRESOS DO ANO 2024**ANEXO II.- ORZAMENTO DE GASTOS DO ANO 2024****ANEXO III.- BASES DE EXECUCIÓN DO ANO 2024**

Código Seguro De Verificación	uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/12/2023 12:26:45
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uiawt1+/hgKNKv04hEf1Dg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

